



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto:** Admisión do recurso de reposición interposto por Claudia Alonso Blanco. Proceso selectivo praza técnico de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, grupo A, subgrupo A2 da Administración xeral, subescala de xestión do Concello de Laxe.

**Expte. Admvo. Núm.** 2020/X999/000064

**Expte. Decreto núm:** 2021/G003/000200

Con data 06/04/2021, por Resolución de Alcaldía 172/2021 apróbase a lista definitiva de admitidos e excluídos da convocatoria de selección dunha praza de técnico de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, grupo A, subgrupo A2 da Administración xeral, subescala de xestión do Concello de Laxe.

Na dita Resolución declárase excluída do proceso selectivo a Claudia Alonso Blanco por no achegar ou asinar a solicitude conforme o modelo que figura no anexo II dentro do prazo establecido.

Con data 16/04/2021, Claudia Alonso Blanco interpuxo Recurso de Reposición contra dita Resolución, alegando ter enviado en tempo e forma a solicitude de admisión ao proceso selectivo así como a subsanación, e solicita a súa admisión a dito proceso.

Revisada a documentación obrante no expediente resulta que a documentación presentada pola interesada e válida e está debidamente asinada, conforme ao establecido na base 5ª da convocatoria, debéndose a un erro na comprobación da documentación, xa que a sinatura na sede electrónica da instancia xeral inclúe tódolos documentos anexados.

Visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Estimar o recurso presentado pola interesada por considerar que a solicitude está debidamente asinada xunto co anexo II.

**SEGUNDO.** Incluír na lista definitiva de admitidos da convocatoria de selección dunha praza de técnico de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, grupo A, subgrupo A2 da Administración xeral, subescala de xestión do Concello de Laxe, a Claudia Alonso Blanco.

**TERCEIRO.** Notificar esta resolución á interesada e proceder a publicacións oportunas.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde,  
Asdo. José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora,  
Asdo. Begoña Carrasco García

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)